

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 8 DE XULLO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se acepta a cesión a título gratuito dun inmovible, feita polo Concello de Ames á Comunidade Autónoma de Galicia, con destino á construción dun centro de educación secundaria no Milladoiro.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais no ensino universitario para o curso 2010/2011.
- Decreto polo que se crea un colexio de educación infantil e primaria no concello de Arteixo (A Coruña).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, para a execución do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013 (POCTEP) Lanzamento da AECT (Código do proxecto (0120_CTGNP_1_P), polo importe de douscentos vinte e seis mil douscentos trece euros con setenta e oito céntimos (226.213,78 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación Provincial de Ourense, para a construción dun punto limpo no concello do Carballiño, polo importe de trescentos trece mil catrocentos vinte e cinco euros con dous céntimos (313.425,02 €).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación Provincial de Ourense, para a construción dun punto limpo no concello do Pereiro de Aguiar polo importe de douscentos noventa e un mil cento noventa e cinco euros con cincuenta e nove céntimos (291.195,59 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello da Peroxa, para a execución da obra: "Recuperación ambiental da marxe dereita do río Miño ao seu paso polos Peares. A Peroxa. Ourense", de clave OH 432.759, por un importe de catrocentos noventa e tres mil trescentos corenta e nove euros con vinte e seis céntimos (493.349,26 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Culleredo, para a execución da obra: "Saneamento integral da ría do Burgo: saneamento e conexións de fecais nos núcleos de Barrio-Vilar, Celas, a Calle e Cabanas-Lamelas. Culleredo (A Coruña)", clave OH.315.916, polo importe de setecentos sesenta e nove mil novecentos dezaioito euros e corenta e un céntimos (769.918,41 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Coirós, para a execución da obra: "Saneamento na parroquia de Santa María de Ois. Coirós (A Coruña)", clave OH.315.973, polo importe de un millón cento trece mil cento corenta e un euros e noventa céntimos (1.113.141,90 €).
- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais, derivados da resolución pola que se convocan as subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixidas ás persoas titulares e ás inquilinas das vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga, no exercicio 2010.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención directa, mediante Resolución do conselleiro de Economía e Industria, á Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), para cofinanciar a compra de equipamento destinado ao almacenamento de datos e seguridade de Rede, polo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

importe de cento setenta e cinco mil cincocentos vinte e nove con oitenta e nove euros (175.529,89. €).

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para manter as condicións especiais de subsidiariedade, superar o prazo máximo de cinco anos para as operacións declaradas de especial interese socioeconómico para Galicia e excepcional a solicitante da achega de garantías reais suficientes na modificación do aval concedido a Tex Digital, S.L. Expediente nº AV/0400, por importe máximo de un millón novecientos vinte e cinco mil euros (1.925.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para manter as condicións especiais de subsidiariedade, superar o prazo máximo de cinco anos para as operacións declaradas de especial interese socioeconómico para Galicia e excepcional a solicitante da achega de garantías reais suficientes na modificación do prazo de vixencia do aval concedido a Bodega Cooperativa San Roque de Beade. Expediente nº AV/0203.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se aproba o Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Samos, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela no espazo público de San Xil de Carballo, por un importe total de noventa e catro mil trescentos corenta e tres euros con setenta e seis céntimos (94.343,76 €)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a mellora e acondicionamento da ruta da Pedra e da Auga entre os concellos de Ribadumia e Meis, por un importe total de douscentos trinta e un mil setecentos trinta e un euros con sesenta e dous céntimos (231.731,62 €)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, e a Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia, Cehosga, para a realización de distintas actuacións de promoción da actividade empresarial e turística na Comunidade Autónoma de Galicia para desenvolver no ano 2010, por un importe total de trescentos noventa mil setecentos euros (390.700 €)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Verín, para financiar a tramitación dun concurso de ideas para levar a cabo a redacción do proxecto de novo Centro Cultural de Verín, por un importe total de douscentos trinta mil euros (230.000,00 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer, na orde pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais, dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenio de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións, no momento da súa concesión, e compromisos de gastos de carácter plurianual, ao abeiro do artigo 58.1 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, por un importe de vinte e nove millóns de euros (29.000.000,00 €)
- Acordo polo que autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para o desenvolvemento de actuacións no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (Eixo 2, código 71 do P.O do Fondo Social Europeo 2007/2013) e se aproba a concesión de anticipos en contía superior ao sinalado no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por un importe de dous millóns setecentos cincuenta mil euros (2.750.000 €)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a exención da achega de garantías aos beneficiarios das subvencións que corresponde tramitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) no marco do Plan Director de Banda Larga 2010-2013, aprobado polo Consello da Xunta o 18 de febreiro de 2010, e do convenio de colaboración autorizado polo Consello da Xunta o 22 de abril de 2010 entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Agader, para a coordinación de actuacións relativas ao despregamento de infraestruturas de banda larga no territorio rural galego.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a orde que regula a concesión de axudas para danos nos establecementos comerciais e infraestruturas enerxéticas de titularidade municipal, provocadas polo temporal "Doris" os días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña luguesa.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o desenvolvemento da Oferta Pública de Emprego 2008 do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a enquisa de coberturas vacinais 2009.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre enquisa de ocupación de establecementos de aloxamento regrado (INE maio 2010)
- Informe sobre a convocatoria de axudas destinadas á reparación dos danos nos establecementos turísticos ocasionados polas inundacións dos días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña luguesa.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o Encontro Profesional Pesqueiro 2010: Retos na comercialización dos produtos pesqueiros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA CONSTRUIRÁ UN NOVO CENTRO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA NO MILLADOIRO NUN TERREO CEDIDO POLO CONCELLO DE AMES**

- *Constará de 16 unidades de ESO e 3 de Bacharelato*

A Xunta construírá un centro de educación secundaria no Milladoiro nun terreo cedido polo concello de Ames (A Coruña). Este IES dependerá da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por ter conferida a competencia en materia de centros educativos.

O Consello da Xunta acordou hoxe, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio - dependente da Consellería de Facenda-, a cesión a título gratuito á Comunidade Autónoma de Galicia desta parcela situada no concello de Ames.

O novo IES do Milladoiro constará de 16 unidades de ESO e tres de Bacharelato e será construído nunha parcela de 11.780 metros cadrados.

Actualmente o proxecto foi entregado polo equipo redactor; unha vez supervisado e publicado o decreto de aceptación, solicitarase a oportuna licenza de obras. Con posterioridade, licitarase a obra de construción.

EDUCACIÓN APLICARÁ O INCREMENTO MÍNIMO NOS PREZOS DAS TAXAS UNIVERSITARIAS

- *O intervalo fixado polo Ministerio de Educación queda marcado entre o 1,5 e o 5,5%, o que obriga a incrementar os prezos*
- *Mentres a actual Xunta en dous anos incrementou as taxas nun 1,5; o bipartito incrementouna un 8,6 cada dous anos*
- *O acordo acadado na Conferencia Xeral de Política Universitaria non permite manter a conxelación de prezos para o seguinte curso*
- *Malia esta medida, as taxas nas universidades galegas sitúanse entre os máis baixos de todo o Estado*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aplicará o vindeiro curso a suba mínima do 1,5% nas taxas universitarias, tras verse impedida para cumprir a súa intención e compromiso de conxelar estas taxas por segundo ano consecutivo, fronte a subida do 8,6% cada dous anos do bipartito.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se establecen estes prezos públicos, despois do acordo adoptado pola Conferencia General de Política Universitaria (CGPU). Na súa sesión do pasado 25 de maio a CGPU- na cal están representadas todas as comunidades autónomas e o goberno central- fixou nun mínimo do 1,5% o incremento dos prezos académicos e demais dereitos para os estudos conducentes á obtención de títulos oficiais universitarios, de acordo coa suba do IPC no período comprendido entre o 30 de abril de 2009 e o mesmo día e mes deste ano. O límite máximo foi fixado no 5,5%, é dicir no IPC incrementado en catro puntos porcentuais.

Ao non poder levar a cabo a súa iniciativa de conxelación, a Administración galega, de acordo coas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), determinou aplicar o mínimo incremento posible. Deste xeito, a Consellería volve demostrar o seu compromiso coa formación do alumnado, co fin de evitar que os estudantes galegos teñan que deixar a un lado a súa formación como consecuencia do impacto da crise económica. De feito, o pasado ano o Goberno galego decidiu conxelar estas taxas, rompendo coa política de subas continuadas dos últimos anos, nos cales o incremento chegara case a multiplicar por dous o IPC.

Apoio aos estudantes

Con todo, cómpre recordar que grazas aos esforzos desenvolvidos pola Consellería de Educación, as alumnas e alumnos universitarios galegos están entre os que menos pagan de taxas no ámbito estatal, sendo no presente curso a cuarta comunidade cos prezos máis baixos.

Ademais, a Xunta de Galicia continuará a desenvolver distintas liñas de axudas para prestar apoio aos estudantes diante da complicada situación económica, por exemplo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

con bolsas destinadas aos estudantes que se ven afectados por causas sobrevidas, nomeadamente escasos medios económicos, problemas familiares, casos de maltrato e outras situacións de extrema desvantaxe.

Excepcións da suba

Por outra banda a Consellería de Educación mantén os prezos do curso pasado no relativo ao pagamento das tarifas segundas como poden ser as probas de acceso a universidade, os proxectos fin de carreira ou o exame para o grao de doutor. Do mesmo xeito acontece coas tarifas terceiras, nas cales se inclúen a obtención dunha certificación ou a expedición dun título académico

O proxecto de decreto aprobado hoxe regula igualmente a exención de pagamento polos servizos académicos universitarios en favor das persoas que teñan a consideración de discapacitado, de vítima de acto terrorista ou de vítima de violencia de xénero. Todas as cuestións relativas ás taxas universitarias foron acordadas cos representantes das tres universidades galegas e contan co informe favorable do Consello Galego de Universidades adoptado por unanimidade dos seus membros.

EDUCACIÓN DOTARÁ A ARTEIXO DUN NOVO CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- *Deste xeito a Xunta de Galicia dá resposta ás necesidades educativas dun concello en crecemento*

Arredor de 675 escolares do concello de Arteixo contarán o vindeiro curso cun novo centro de educación infantil e primaria, logo de que o Consello da Xunta de Galicia dera hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se procede á creación deste colexio. A constitución do centro levarase a cabo por desagregación do CEIP Ponte de Brozos, da mesma localidade

O novo CEIP contará con 9 unidades de infantil e 18 de primaria, co que se dá resposta ás necesidades de escolarización do municipio coruñés. As obras de construción deste centro rematarán en xuño de 2010 e, unha vez dotado do mobiliario preciso, o custo superará amplamente os 4,5 millóns de euros.

Grazas á creación deste CEIP, a Consellería de Educación poderá reorganizar a escolarización do centro urbano do concello de Arteixo, configurando unha nova rede de centros na área. O considerable aumento da poboación en idade escolar que experimentou esta zona nos últimos anos supuxo a sobrecarga do centro existente, o CEIP Ponte dos Brozos, que estaba a acoller a todo o alumnado da súa área de influencia. A desagregación permitirá, polo tanto, desconxestionar o colexio Ponte dos Brozos, quedando garantida a calidade do ensino en ambos os dous centros educativos.

Con iniciativas como a da creación deste centro, a Xunta de Galicia demostra o seu interese polo benestar da comunidade escolar, factor fundamental para acadar a calidade educativa. Así, a Consellería de Educación está a escoitar os centros de ensino e a comunidade escolar galega. Así, estase a dar resposta ás necesidades de reforma, mellora e ampliación dos centros, e incluso de nova construción, se así é necesario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA ACHEGARÁ PRETO DE 230.000 EUROS PARA UN A EXECUCIÓN
DUN PROXECTO DA AGRUPACION ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN
TERRITORIAL DE GALICIA-NORTE DE PORTUGAL****▪ *Así o recolle un convenio cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta***

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa xuntanza semanal unha achega de 226.213,78 euros para a execución dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para o proxecto Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal.

Este programa (POCTEP), ten unha acción nomeada “lanzamento da Agrupación Española de Cooperación Transfronteiriza”, que pretende capacitar institucional, financeira e organicamente a AECT, para que baixo a dirección da comunidade de traballo Galicia- Norte de Portugal contribúan a desenvolver esta cooperación.

Con este convenio a Xunta de Galicia cumpre cunha das súas liñas prioritarias, como é promover a dinamización da cooperación transfronteiriza entre a rexión norte de Portugal e a Comunidade Autónoma de Galicia para buscar o máximo aproveitamento das oportunidades de desenvolvemento socioeconómico, cultural e turístico, marcados pola crecente interdependencia e a solidariedade interrexional, así como a coordinación e o aproveitamento das iniciativas comunitarias.

Basicamente, o que se busca coa sinatura deste convenio e promover o afianzamento, a modernización e a actualización da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a cooperación transfronteiriza, como método que permite un máximo aproveitamento das oportunidades de desenvolvemento socioeconómico, cultural e turístico das dúas rexións.

Con este convenio preténdese establecer as condicións de colaboración para a execución do proxecto, cunha serie de investimentos de carácter inmaterial (xornadas sobre contidos diversos relacionadas coa cooperación transfronteiriza, promoción institucional e divulgativa da AECT, estudo de vías de financiamento externo) a fin de conseguir unha mellora cualitativa na cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal reforzando a cohesión económica e social.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión mixta, integrada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e a directora de GNP, AECT ou persoas que designen no seu nome; e terá como funcións a interpretación do convenio; a proposta, se é o caso, de addendas, a intervención previa á resolución por incumprimento; o acordo previo para a realización das actuacións e calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

A XUNTA EXECUTA UN PUNTO LIMPO NO CARBALLIÑO, EN OURENSE, MEDIANTE A ACHEGA DE MÁIS DE 313.000 EUROS

- *A infraestrutura atópase en Seoane, na estrada que une Ribadavia e Cea (OU-504), dentro das instalacións da Mancomunidade do Carballiño*
- *O proxecto contempla a disposición dunha caseta oficina de recepción, un almacén para residuos especiais e un recinto para plásticos agrícolas*
- *O Goberno galego financia a totalidade dos traballos de construción da nova infraestrutura*
- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establece un prazo de execución dos traballos de tres meses*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración técnico- financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación de Ourense para a construción dun punto limpo no Concello do Carballiño. A actuación está prevista no Programa de Rexeneración de Espazos Degradados incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) de Galicia.

O citado programa establece a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de obras en materia de xestión de residuos, incluída a recuperación de espazos degradados por verteduras e os proxectos técnicos

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, realiza unha achega económica de 313.000 euros distribuídos en dúas anualidades que se corresponden co presente ano 2010 e o vindeiro 2011. Deste xeito, cabe citar que o Goberno galego financia a totalidade dos traballos de construción da nova infraestrutura.

O punto limpo construírse no lugar de Seoane, na estrada que une Ribadavia e Cea (OU-504), dentro do recinto das instalacións da Mancomunidade do Carballiño.

As actuacións a efectuar centraranse na execución de movementos de terras, urbanización e axardinamento e colocación de instalacións xerais. O proxecto tamén contempla a disposición dunha caseta oficina de recepción, un almacén para residuos especiais e un recinto para plásticos agrícolas. Ademais, construírse un peche perimetral e unha porta de acceso e disporanse colectores e sinalización.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establece un prazo de execución dos traballos de tres meses.

Vanguardia ambiental

A comunidade galega sitúase á vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Na actualidade, 200 concellos envían os residuos á valorización enerxética e 12 apostaron pola compostaxe. Esta progresiva incorporación dos municipios de Galicia a un axeitado tratamento dos seus residuos permite acometer actuacións pertinentes para unha restauración dos espazos ocupados polos antigos vertedoiros.

Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos

O pasado 22 de xuño, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, presentou no Parlamento o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos 2010- 2020. Este Plan establece as bases para impulsar un novo escenario máis sustentable baseado na redución da produción de residuos; na extensión da recollida selectiva da fracción orgánica e no incremento do resto de recollidas; na valorización dos residuos; na restrición do vertido unicamente ás fraccións non recuperables, eliminando a vertedura dos residuos fermentables; e na creación de novas infraestruturas que serán necesarias para tratar os residuos xerados segundo as previsións feitas para o horizonte do plan no ano 2020.

Co fin de alcanzar as metas propostas, Hernández aclarou que o Plan de Xestión dos Residuos incorpora obxectivos cualitativos e instrumentais, como estabilizar, nunha primeira fase, e reducir ao final do Plan, a produción de residuos en Galicia. As posibilidades de redución de residuos dependen de distintos factores, por iso o plan formula unha política de prevención que inflúa nas decisións prácticas adoptadas en diferentes fases do ciclo de vida: deseño do produto, fabricación, entrega ao consumidor e utilización.

Un propósito fundamental é incrementar de xeito significativo a reciclaxe dos residuos. O plan aposta por recuperar todos os recursos posibles que conteñan os residuos, polo que se inclúen medidas específicas para aumentar a reciclaxe da fracción orgánica dos residuos e dos envases, cun incremento paulatino da calidade e da cantidade das recollidas selectivas e a creación de novas infraestruturas de tratamento para aumentar a reciclaxe.

Outro dos obxectivos é o de minimizar a vertedura nos depósitos controlados, especialmente os que poden conter materiais biodegradables ou que poidan ser recuperables mediante a valorización. Con todo, o Plan sinala que nos casos dos depósitos controlados a meta será a diminución progresiva dos residuos que non sexan recuperables, ou conseguir que o 100% deles poidan ser tratados fixando como meta o ano 2015.

**MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 300.000 EUROS NA POSTA EN MARCHA
DUN PUNTO LIMPO DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR**

- *O proxecto estará rematado nun prazo de tres meses e beneficiará máis de 6.000 veciños do concello ourensán*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o investimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de preto de 300.000 euros para a posta en marcha dun punto limpo no Concello do Pereiro de Aguiar, en Ourense. O investimento levarase a cabo en dúas anualidades.

Os principais obxectivos da posta en marcha desta instalación serán a separación de determinados materiais e residuos perigosos que poidan representar un perigo para a saúde humana, evitar a vertedura incontrolada de residuos voluminosos, o aproveitamento de materiais contidos nos residuos urbanos que poderían ser susceptibles de valorización, así como a busca dunha óptima valorización de cada tipo de residuo co mínimo custo posible.

Descrición da instalación

Este punto limpo situarase no Monte do Lombo, situado na estrada que leva ata o concello pontevedrés de Vilaboa. Para habilitalo será preciso levar a cabo un movemento de terras, para despois proceder á urbanización e o axardinamento da zona. A posta a punto das instalacións xerais como as casetas de oficina para o persoal traballador e o almacén dos obxectos depositados polos veciños, será o seguinte paso.

Procederase tamén a pechar a zona e coutala para despois habilitar un acceso que posibilite ao veciños chegar ao lugar. Finalmente, será preciso sinalizar de maneira adecuada esta área. Cómpre dicir que o punto limpo estará rematado en tres meses e beneficiará máis de 6.000 veciños do concello ourensán do Pereiro de Aguiar que poderán depositar os residuos que non poden ser recollidos nos colectores de beirarrúa.

Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos

O pasado 22 de xuño, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, presentou no Parlamento o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos 2010- 2020. Este Plan establece as bases para impulsar un novo escenario máis sustentable baseado na redución da produción de residuos; na extensión da recollida selectiva da fracción orgánica e no incremento do resto de recollidas; na valorización dos residuos; na restrición da vertedura unicamente ás fraccións non recuperables, eliminando a vertedura dos residuos fermentables; e na creación de novas infraestruturas que serán necesarias para tratar os residuos xerados segundo as previsións feitas para o horizonte do plan no ano 2020.

Co fin de alcanzar as metas propostas, Hernández aclarou que o Plan de Xestión dos Residuos incorpora obxectivos cualitativos e instrumentais como estabilizar, nunha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

primeira fase, e reducir ao final do Plan, a produción de residuos en Galicia. As posibilidades de redución de residuos dependen de distintos factores, por iso o plan formula unha política de prevención que inflúa nas decisións prácticas adoptadas en diferentes fases do ciclo de vida: deseño do produto, fabricación, entrega ao consumidor e utilización.

Un propósito fundamental é incrementar de xeito significativo a reciclaxe dos residuos. O plan aposta por recuperar todos os recursos posibles que conteñan os residuos, polo que se inclúen medidas específicas para aumentar a reciclaxe da fracción orgánica dos residuos e dos envases, cun incremento paulatino da calidade e da cantidade das recollidas selectivas e a creación de novas infraestruturas de tratamento para aumentar a reciclaxe.

Outro dos obxectivos é o de minimizar a vertedura nos depósitos controlados, especialmente os que poden conter materiais biodegradables ou que poidan ser recuperables mediante a valorización. Con todo, o Plan sinala que nos casos dos depósitos controlados a meta será a diminución progresiva dos residuos que non sexan recuperables, ou conseguir que o 100% deles poidan ser tratados fixando como meta o ano 2015.

A XUNTA INVISTE PRETO DE 500.000 EUROS NA RECUPERACIÓN AMBIENTAL DA MARXE DEREITA DO RÍO MIÑO, AO SEU PASO POLO NÚCLEO DOS PEARES, EN OURENSE

- *O obxectivo principal será arranxar a rede de saneamento e habilitar unha senda peonil, xa que as últimas enchentes do río Miño causaron estragos na zona*
- *A poboación beneficiada polo proxecto serán máis de 2.300 veciños do Concello da Peroxa e estará rematada o vindeiro 31 de decembro do 2011*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Peroxa para o proxecto de recuperación ambiental da marxe dereita do río Miño, ao seu paso polo núcleo ourensán dos Peares. O investimento destinado a esta actuación será de preto de 500.000 euros distribuídos en dúas anualidades, 250.000 euros neste ano e 243.349 euros no vindeiro 2011.

O obxectivo principal será arranxar a rede de saneamento e habilitar unha senda peonil na zona, xa que as últimas enchentes do río Miño causaron estragos.

Concretamente, procederase a levantar un muro de dique que servirá para protexer o colector da rede de saneamento que fará, asemade, función de senda peonil para acceder ao río. Con esta actuación, eliminarase a acumulación de seixos e outros materiais arrastrados polo río que dificultaban o tránsito dos visitantes polo río. Así mesmo, poderase reparar o pozo de rexistro e tratamento dende onde se vertía a auga tratada cara o río Miño.

Obrigas da Consellería e do Concello da Peroxa

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) financiará a totalidade das obras. Ademais, redactará o proxecto, asumirá o seu control e a súa execución, así como a coordinación dos procedementos precisos para levalo a cabo. Pola súa parte, o Concello da Peroxa comprométese a poñer á disposición da EPOSH os terreos libres de cargas e gravames precisos para executar as obras. Así mesmo, asumirá tamén o mantemento e conservación da zona, unha vez rematadas as obras.

Establecerase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación do convenio.

A poboación beneficiada polo proxecto serán máis de 2.300 veciños do Concello da Peroxa, e estará rematada o vindeiro 31 de decembro de 2011.

A XUNTA FINANCIA UNHA NOVA ACTUACIÓN DE SANEAMENTO PARA A RÍA DO BURGO, NO CONCELLO DE CULLEREDO, POR CASE 800.000 EUROS

- *Medio Ambiente financia o 100 por cento desta actuación hidráulica para dotar de saneamento seis zonas deste concello*
- *Construiranse 8 quilómetros de colectores nos núcleos de Barrio-Vilar, Celas e Cabanas-Lamelas*
- *Esta actuación forma parte das accións recollidas dentro do Plan específico de infraestruturas para mellora da calidade das augas das rías galegas*
- *O departamento que dirixe Hernández mantén a liña investidora para mellorar a situación da calidade das augas da Ría do Burgo*

O Consello da Xunta aprobou o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Culleredo, polo que se financia ao 100 por cento diversas obras de saneamento e conexións de fecais en seis zonas deste concello, enmarcadas no plan de saneamento integral da Ría do Burgo.

Esta actuación, cuxo importe ascende a 769.918 euros, servirá para dotar de rede de saneamento os núcleos de Barrio-Vilar, Celas e Cabanas-Lamelas, xa que na actualidade carecen del. As obras forman parte das accións recollidas dentro do Plan específico de infraestruturas para mellora da calidade das augas das rías galegas.

O proxecto consistirá na execución de seis redes novas de saneamento conectadas á rede municipal existente e afecta a case 1.000 veciños deste concello, pozos de rexistro, reposición de pavimentos e restitución de accesos e servizos afectados. Concretamente das zonas do núcleo de Lamela, parroquia da Veiga; zona da estrada DP-3102, incluíndo o saneamento de Rumbo; lugar de Ledoño; parroquia de Ceñas; lugar de Barrio, na parroquia de Sueiro; e lugar de Celas. En total disporanse máis de 8 quilómetros de colectores:

Zona	Punto de actuación	Metros colector
1	Saneamento do lugar de Lamelas	858
2	Inclúe o núcleo de Rumbo e un treito da estrada DP-3102, que comeza no cruzamento co punto quilométrico 23+159 da estrada Sigrás-Muros (AC-400) e remata no saneamento existente que discorre paralelo ao río Valiñas	1.972
3	Discorre pola estrada DP-511 no lugar de Ledoño	580
4	Corresponde coa estrada municipal que parte de Celas e remata no saneamento existente que vai paralelo ao Rego da Cruz en Veiga	1.006
5	Saneamento no lugar de Barrio	2.101
6	Saneamento no Lugar de Celas	1.734

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Tal e como se recolle no texto do acordo de colaboración, o concello de Cambre comprométese coa Administración autonómica, á posta á disposición da Administración Hidráulica de Galicia dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a execución das obras, así como a expoñer ao público o proxecto e a actualizar as tarifas pola prestación do servizo.

Actuacións na Ría do Burgo

A Xunta de Galicia vén manifestando a súa preocupación pola situación problemática da ría do Burgo. Nese senso, estanse a redactar dous plans que establecerán as prioridades de actuación da Administración hidráulica de Galicia, con obxecto de axeitar as redes de saneamento ás instalacións da nova EDAR de Bens, que entrará en servizo este mesmo ano.

Destaca a redacción do Plan de Saneamento Local da Ría do Burgo, que dispón dun orzamento de 931.082,22 euros, cuxo desenvolvemento comezou en marzo deste ano e que conta cun prazo de 16 meses para a súa finalización. O obxectivo desta medida é planificar as futuras actuacións en materia de saneamento, drenaxe e control das augas pluviais a través de técnicas de drenaxe urbana sustentable (estruturas de control das augas pluviais: tanques de retención ou tanques de tormentas, etc). Os traballos a desenvolver divídense en seis grandes fases:

Fases do Plan de Saneamento Local da Ría do Burgo
Fase I. Coñecemento da rede actual de saneamento. Localización de verteduras. Identificación de zonas marisqueiras e zonas de baño. Identificación de zonas de especial protección ambiental.
Fase II. Avaliación do impacto dos alivios e verteduras e modelo de calidade da auga na Ría do Burgo.
Fase III. Campaña de medición de caudais e análises da auga
Fase IV. Modelización da rede de saneamento (cálculo da rede).
Fase V. Elaboración de propostas de actuación
Fase VI. Planificación e priorización de actuacións e investimentos.

A finalidade deste contrato é a de constituír o documento básico que permita planificar as futuras actuacións en materia de saneamento, drenaxe e control das augas pluviais nos concellos do ámbito de estudo a través de técnicas de drenaxe urbana sustentable (estruturas de control das augas pluviais: tanques de retención ou tanques de tormentas, etc).

Tamén promove a redacción do Plan de rexeneración ambiental e posta en valor de leitos públicos na Ría do Burgo cun orzamento de 146.674 euros, que conta cun prazo de 8 meses para o desenvolvemento dos traballos. O obxectivo do contrato é analizar a situación actual dos leitos fluviais que verten á ría do Burgo, determinando as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

actuacións necesarias para recuperar os que presenten mal estado, eliminando obstáculos, invasións de dominio público, e compatibilizando os seus usos coa conservación dos valores naturais.

Plan específico para as rías galegas

A Xunta de Galicia, a través das consellerías do Mar e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, está poñer en marcha ata o ano 2014 un plan específico de infraestruturas en materia de saneamento para mellorar a calidade das augas e diminuír a contaminación microbiolóxica en 17 zonas de marisqueo que actualmente teñen problemas de clasificación, situadas en 9 rías galegas, das cales 14 están clasificadas como zonas C.

Concretamente, na ría da Coruña a Xunta de Galicia investirá 15,7 millóns de euros ata o ano 2014 para mellorar as augas en dúas zonas de marisqueo das rías da Coruña. Neste senso, levaranse a cabo as seguintes actuacións, entre as cales se inclúe a aprobada esta mesma mañá

Parte externa da Ría de A Coruña e da Ría do Burgo (Clasificación C provisional)	Mellora das redes de saneamento e tanques de tormenta nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros	10.000.000
Parte interna da Ría do Burgo (Clasificación C provisional)	Saneamento e conexións de fecais nos núcleos de Barrio-Vilar, Cela a Calle e Cabanas-Lamelas	756.868
	Mellora das redes de saneamento e eliminación de verteduras nos ríos que desaugan na Ría do Burgo	5.000.000

Na ría da Coruña, a Xunta de Galicia financia e está xa a executar as obras de saneamento nas partes interna e externa da Ría do Burgo. Os traballos céntranse na mellora da estación de bombeo do Temple e a renovación do colector xeral do paseo dos Templarios, en Cambre. Estas dúas actuacións contan cun investimento de máis de 1,3 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NO SANEAMENTO DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE OIS, NO CONCELLO DE COIRÓS**

- *Esta actuación ten por obxectivo dotar a zona de novos colectores que conecten coa estación depuradora de augas residuais da parroquia da Espenuca*
- *A nova rede de colectores terá unha lonxitude de case cinco quilómetros*
- *O proxecto beneficiará especialmente a parroquia de Santa María de Ois e terá un prazo de execución de 10 meses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o investimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no saneamento da parroquia de Santa María de Ois, no concello coruñés de Coirós. A achega feita será de máis dun millón de euros distribuídos en dúas anualidades; serán 350.000 euros este ano e o vindeiro 2011 farase unha achega de 763,141 euros.

Esta actuación ten por obxectivo dotar a zona de novos colectores, anteriormente inexistentes, que conecten coa EDAR da Espenuca, tamén pertencente ao Concello de Coirós. Actualmente, so existe unha rede independente de colectores nos lugares de Loureiros e Recebés que desaugan no río Vexo. Por isto, é preciso a posta a punto dunha nova rede de colectores e tres novos pozos de bombeo e impulsión instalados nos lugares de Castrillón e Xora, e na estrada N-VI.

A nova rede de colectores terá unha lonxitude de case cinco quilómetros cun diámetro de entre 250 e 315 milímetros. Esta nova rede recollerá as augas fecais dos lugares de Anta, Berbecha, Castrillón, A Costa, O Fontela, Loureiros, Parada, As Penas, Recebés e Xora. Por outra banda, os novos pozos de bombeo e impulsión terán capacidade para tratar entre 1,9 e 4,2 litros por segundo e contarán con dúas bombas cada un de entre 2,2 kw e 7,4 kw de potencia. O proxecto terá un prazo de execución de 10 meses.

Obrigas da Consellería e do Consello de Coirós

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, financiará a totalidade do proxecto con máis dun millón de euros. Ademais, comprométese a execución das obras, así como á reposición dos servizos e pavimentos afectados por estas. Por outra banda, o Concello de Coirós comprometeuse á entrega dos terreos necesarios para a execución das obras libres de cargas ou gravames.

O IGVS DESTINARÁ 5,87 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS DO PROGRAMA ALUGA QUE SE CONCEDAN NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2010

- *Destinaranse a subvencións aos inquilinos 5,37 millóns de euros e 500.000 euros a axudas aos propietarios para rehabilitación de vivendas*
- *As axudas do Programa Aluga van dirixidas preferentemente a unidades familiares ou de convivencia con ingresos entre 0,7 e 2,5 veces o Iprem*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, destinará 5,87 millóns de euros a axudas a inquilinos e propietarios de vivendas, a través do Programa Aluga, no segundo semestre de 2010. O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o gasto correspondente ao Programa Aluga, posto en marcha este mesmo ano pola Xunta de Galicia.

A contía de 5,87 millóns de euros destinarase exclusivamente a financiar as axudas concedidas no segundo semestre de 2010, xa que para as axudas concedidas no primeiro semestre de 2010 xa se autorizaran 5.225.267,12 millóns de euros no pasado mes de decembro de 2009.

Dos 5,87 millóns de euros aprobados, 5,37 millóns destinaranse a subvencións aos inquilinos e 500.000 euros a subvencións a propietarios de vivendas para a rehabilitación destas antes da súa posta á disposición dos demandantes de vivenda.

O Programa Aluga vai dirixido a unidades familiares ou de convivencia con ingresos entre 0,7 e 3,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (Iprem), pero terán preferencia as unidades familiares ou de convivencia con ingresos que non superen 2,5 veces o Iprem. So se concederán axudas ás familias con ingresos entre 2,5 e 3,5 veces o Iprem no caso de que a oferta de vivendas supere a demanda das familias con ingreso inferiores a 2,5 veces o Iprem.

Condicións dos beneficiarios

Para accederen aos beneficios do Programa Aluga os solicitantes deberán cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

- Ingresos anuais ponderados entre 0,7 e 3,5 veces o Iprem. O límite mínimo de ingresos (0,7 veces o Iprem) non será preciso acreditarlo no caso de colectivos cualificados, que se definen máis adiante.
- Estar inscritos ou anotados no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda (Sección 4ª, "Demandantes de vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa Aluga")
- Non ser titulares de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre algunha vivenda

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Estar ao día na súas obrigas tributarias
- Residir ou desenvolver a súa actividade laboral nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Non estar recibindo axudas para o aluguer da Xunta de Galicia. Non poderán acceder ás axudas do Programa Aluga os que xa recibisen axudas para o aluguer durante cinco anos, excepto cando xa transcorresen dous anos dende a última mensualidade subvencionada.

No proceso de selección de inquilinos para as vivendas incorporadas ao Programa Aluga terán preferencia as unidades familiares ou de convivencia con ingresos que non superen 2,5 veces o Iprem e, dentro dese rango de ingresos, os colectivos definidos como prioritarios e os cualificados, que son os seguintes:

Os colectivos prioritarios, dentro dos distintos tramos de ingresos, son os seguintes:

- Menores de 35 anos e maiores de 65
- Familias numerosas.
- Familias monoparentais con fillos.
- Persoas separadas ou divorciadas, ao día no pagamento de pensións alimenticias e compensatorias, se for o caso.
- Os considerados “colectivos cualificados” que se definen a seguir

Os colectivos cualificados son as unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados inferiores a 0,7 veces o IPREM que pertencen a algún dos seguintes grupos:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida, e as familias que as teñan ao seu cargo.
- Emigrantes retornados, nos dous anos anteriores a presentación da solicitude.
- Perceptores da renda de integración social (RISGA).
- Perceptores de pensións.

Axudas a inquilinos

A porcentaxe de subvención ao aluguer vai desde o 30% ata o 70%, mentres no antigo programa de axuda ao aluguer a subvención máxima era do 60 por cento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A contía da axuda fíxase en atención a porcentaxes máximos sobre a renda mensual do aluguer, segundo tramos de ingresos e colectivos:

TRAMOS	COLECTIVOS XERAIS
Ata 1 IPREM	70%
Desde 1 ata 2 IPREM	60%
Desde 2 ata 2,5 IPREM	50%
Desde 2,5 ata 3,5 IPREM	30%

No caso de mulleres vítimas de violencia de xénero, a subvención incrementase en 10 puntos porcentuais, de maneira que irán do 40 ao 80 por cento.

A axuda concédese por un período de doce meses e poderá solicitarse ata un máximo de cinco anualidades.

Propietarios

Os propietarios de vivendas postas á disposición do Programa de Aluguer poderán beneficiarse de axudas para a rehabilitación, do seguro multirisco contratado polo IGVS e das axudas para os gastos derivados do aluguer.

Condicións das vivendas

Poderán incorporarse ao Programa Aluga as vivendas libres, desocupadas, que reúnan condicións de habitabilidade e estean situadas en concellos con demanda real de vivenda en aluguer. Os seus propietarios poderán ser tanto persoas físicas como xurídicas.

As vivendas poñeranse á disposición do Programa Aluga por solicitude dos seus propietarios e por un prazo mínimo de cinco anos.

ECONOMÍA E INDUSTRIA COFINANCIA O INVESTIMENTO DO CESGA EN NOVOS EQUIPAMENTOS DE ALMACENAMENTO E SEGURIDADE

- *O Consello da Xunta aproba a achega para a adquisición dun novo subsistema de almacenamento de datos e outro de seguridade de rede*
- *O Centro de Supercomputación de Galicia préstalles servizo ás universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela e aos centros do CSIC*

A Consellería de Economía e Industria cofinanciará o investimento de 731.347 euros para a adquisición dun novo subsistema de almacenamento de datos e outro de seguridade de rede por parte da Fundación Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

O investimento foi aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión desta mañá, coa consideración de que a adquisición deste equipamento resulta de interese público, dado o recoñecemento do CESGA como instalación científico-tecnolóxica única en Galicia que lle dá servizo a toda a comunidade científica. En total, investiranse 358.747,80 euros nun novo subsistema de almacenamento de datos e 372.626,73 euros nun de seguridade de rede.

Centro de excelencia

O Centro de Supercomputación de Galicia préstalles servizo ás Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela e aos centros do CSIC desde 1993. En 2008 inaugurou o seu actual supercomputador, o Finis Terrae, o que lle permitiu pasar dos 100 grupos de investigación que exerceron como usuarios iniciais a 645.

Na actualidade, o CESGA, é un dos tres únicos centros de supercomputación españois que foron recoñecidos como Instalacións Científico-Técnicas Singulares e prepárase para converterse nun centro de excelencia en ciencia computacional.

A finais de 2009 aprobouse a achega de 2,7 millóns de euros por parte da Consellería de Economía e Industria para a compra do terreo que albergará as novas instalacións do CESGA no Parque Empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela.

O novo edificio permitirá a transformación do CESGA en Centro de Excelencia en Investigación sobre Ciencia Computacional e Simulación Numérica Aplicada. Esta evolución, que se está a planificar en estreita colaboración coa comunidade investigadora galega e do CSIC, contempla a consolidación de dúas grandes áreas de actividade: unha dedicada á investigación de excelencia, á que se incorporarán investigadores de prestixio procedentes de institucións españolas e estranxeiras, e outra área correspondente a servizos, innovación e administración partindo das unidades existentes no CESGA actual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA OPERACIÓNS DE FINANCIAMENTO QUE SUMAN MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS PARA CONSOLIDAR CASE 400 POSTOS DE TRABALLO**

- *O Consello da Xunta vén de aprobar operacións de garantías a formalizar polo Igape para apoiar empresas dos sectores das comunicacións e agroalimentario*
- *A concesión polo Igape de garantías permitiralle á sociedade Tex Digital desenvolver o seu plan de negocio futuro e consolidar máis de 292 postos de traballo*
- *Pola súa parte, a Bodega Cooperativa San Roque de Beade, con 104 socios, poderá refinar a longo prazo os seus pasivos coa prórroga das garantías do Instituto*

A Consellería de Economía e Industria apoiará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), operacións de financiamento que superan os 4 millóns de euros impulsadas por dúas empresas correspondentes aos sectores das comunicacións e agroalimentario. Os apoios concedidos articularanse mediante os avais que vén de autorizar o Consello da Xunta, que suman 2,25 millóns de euros e que servirán para que as dúas sociedades beneficiarias, Tex Digital e Bodega Cooperativa San Roque de Beade, poidan consolidar a súa actividade e o emprego asociado.

Así, a sociedade Tex Dixital (Vigo) poderá dispor de avais por importe global de 1,9 millóns de euros, en garantía parcial de préstamos que suman 2,75 millóns destinados ao desenvolvemento do seu plan de negocio, que prevé o refinanciamento a longo prazo de pasivos a curto prazo e a renovación das liñas de circulante, entre outras medidas; esta operación modifica outra autorizada anteriormente, que prevía un único aval para un único préstamo por esas contías. Situada no polígono industrial do Caramuxo, esta empresa, que emprega a 292 traballadores, realiza traballos de prospección, enxeñería e construción de establecementos de telefonía móbil e fixa, ademais doutras redes de comunicacións ou de actuacións como o deseño de software a medida baseado en aplicacións móbiles.

Por outra parte, o Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar a prórroga dun aval do Igape polo importe de 323.750 euros á Bodega Cooperativa San Roque de Beade, para que esta sociedade, con 104 socios cooperativistas, todos eles viticultores da comarca ourensá do Ribeiro, poida refinar a longo prazo pasivos polo importe de 1,29 millóns de euros. No seu plan de negocio, a Bodega Cooperativa San Roque de Beade prevé profesionalizar a súa xestión mediante unha nova estratexia comercial e de marca, así como optimizar a súa rede de distribución comercial.

A Consellería de Economía e Industria, da man do renovado Instituto Galego de Promoción Económica, concedeu durante o ano pasado avais polo importe de 138 millóns de euros, un 148% máis que no ano anterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MÁIS DE 40.000 ALUMNAS E ALUMNOS GALEGOS DE PRIMARIA E DA ESO TERÁN MELLORADO NO CURSO 2012/2013 AS SÚAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS GRAZAS AO PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS**

- *Ata 13.000 docentes e 6.600 profesionais dos distintos eidos laborais terán a posibilidade de recibiren formación específica nestes 4 anos*
- *A Xunta de Galicia investirá 51,5 millóns de euros nesta lexislatura, o que demostra a forte aposta polas linguas, a pesar da crise económica*

Máis de 40.000 alumnas e alumnos galegos de Primaria e da ESO terán mellorado no curso 2012/ 2013 as súas competencias lingüísticas grazas ao Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, aprobado este xoves polo Consello da Xunta. Este proxecto, que dá resposta aos 'Obxectivos de Lisboa' en materia de aprendizaxe de linguas, establecidos pola Unión Europea, suporá un investimento de máis de 51,5 millóns de euros nesta lexislatura. Deste xeito, e malia á crise económica actual, o Goberno galego demostra a súa decidida aposta e compromiso coa aprendizaxe doutros idiomas, cunha estratexia pensada ata o ano académico 2012/2013.

O Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras suporá incrementar en preto de 29.000 o número de alumnas e alumnos galegos que terán estudado materias non lingüísticas en inglés –en centros plurilingües e seccións bilingües-, respecto dos que o facían no curso 2008/2009.

O alumnado adquirirá as competencias lingüísticas necesarias nos 160 primeiros centros plurilingües que se van crear, e nas 1.800 seccións bilingües con que contarán os centros educativos de Galicia de aquí ao ano 2013, co que se incrementará nun 150% as que existían ao inicio da lexislatura. Así, o 20% da poboación escolar de Primaria e da ESO que estuden no 2012/2013 en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia tería cursado ensinanzas nas seccións bilingües e centros plurilingües, grazas ao Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras.

Por outra banda, no período 2009/2013 posibilitarase a formación de arredor de 6.600 profesionais dos distintos eidos laborais noutros idiomas para desenvolveren con éxito o seu traballo. Así mesmo, a Consellería de Educación demostra o seu apoio ao profesorado, permitindo o acceso a cursos ata a 13.000 docentes, nun itinerario formativo para desenvolveren as súas clases en linguas estranxeiras.

Eidos de actuación

Para conseguir os obxectivos do Plan, a Consellería de Educación vai pór en marcha ata 15 medidas diferentes, coas cales vai actuar sobre factores clave do sistema educativo galego. Medidas que van incidir sobre varios eidos. Sobre os centros educativos, coa creación de centros plurilingües, o incremento e mellora de seccións bilingües, ou a ampliación da oferta das escolas oficiais de idiomas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Respecto do profesorado, con itinerarios formativos dirixidos aos docentes, colectivo fundamental que tamén vai adquirir as devanditas competencias en linguas; en canto ao alumnado, a través tamén de formación e estadías en ámbito lingüístico; e sobre os colectivos profesionais. Todos eles poderán, ademais, acreditar as competencias adquiridas nos itinerarios formativos nas escolas oficiais de idiomas e/ou en institucións de recoñecido prestixio.

Por outra banda, O Plan Galego de Potenciación de Linguas Estranxeiras contempla un seguimento transversal para avaliar o seu funcionamento, velando sempre pola utilidade dos investimentos públicos.

Reforzo das EEOOII

Ademais da devandita creación de centros plurilingües e incremento das seccións bilingües, o Plan reforzará as escolas oficiais de idiomas, centros en que o profesorado poderá seguir itinerarios formativos para mellorar as súas competencias lingüísticas e posteriormente acreditarlas, ben sexa a través das propias EEOOII, ou a través doutras institucións de recoñecido prestixio.

Co fin de prestar un mellor servizo nestes centros, Educación vai ampliar a oferta destes centros tanto en ensinanzas regradas, con máis grupos, como con novas seccións, o vindeiro curso en Nigrán e Negreira.

Auxiliares de conversa

A Consellería de Educación apoiará o profesorado e o alumnado dos centros plurilingües e as seccións bilingües con auxiliares de conversa nativos da lingua estranxeira correspondente. Entre eles, os centros contarán tamén coa figura dos mestres xubilados, que desenvolverán o seu labor de apoio basicamente nos centros do medio rural.

Así, ao final da lexislatura a Consellería prevé ter á disposición dos devanditos centros máis de 450 destes auxiliares. Xa no vindeiro curso haberá máis de 200 destes auxiliares, o que supón un incremento do 201% respecto dos que había no curso 2008/2009.

Itinerarios formativos

Para a construción dun itinerario formativo dirixido aos docentes, o Plan contempla, ademais de actuacións nas EEOOII, adquisición de competencias a través dos cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras (programa CUALE), e do Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras (PALE).

Ademais, os docentes poderán mellorar a súa formación mediante as estadías en ámbitos lingüísticos, das cales se beneficiarán máis de 3.500 docentes ata 2013.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Respecto do alumnado, as devanditas accións completaranse mediante o programa CUALE, que proporciona formación complementaria para a aprendizaxe das linguas estranxeiras, ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional; e con estadías formativas en ámbito lingüístico, ben no estranxeiro, ben nos coñecidos como 'pobos ingleses' –'English Town'. Esta iniciativa consiste na convivencia dos escolares con profesores de inglés nun enclave galego, durante a que só falarán nesta lingua estranxeira.

O compromiso da consellería con este itinerario formativo quedou xa de manifesto coa nova convocatoria de estadías, xa que este ano a convocatoria beneficiará 3.077 estudantes, un 16% máis respecto do curso pasado. Ademais, por primeira vez este ano non só se realizarán as actividades entre xuño e agosto, senón que tamén se desenvolverá unha quenda no mes de setembro, o que permitirá aos nenos e nenas galegos participaren no sistema educativo de Irlanda –os estudantes da ESO- ou Canadá –no caso dos de Bacharelato-, e compartiren as experiencias dos estudantes deses países.

Investimento

O Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras forma parte da estratexia do Goberno galego para garantir unha educación de calidade. Por iso, e malia a crise económica, a Consellería de Educación vai dedicar a novas medidas para a mellora das competencias lingüísticas dos galegos máis de 51,5 millóns de euros.

Así, investiranse 2,3 millóns de euros en cursos para docentes e profesionais nas EEOOI, e outros máis de 19 millóns de euros en diferentes accións para a formación dos docentes. Ademais, respecto do alumnado, destinaranse case 4 millóns de euros á creación de novos centros plurilingües e seccións bilingües, e case 20 millóns para estadías para que as alumnas e alumnos melloren as súas competencias lingüísticas.

Deste xeito os maiores incrementos do Plan ata 2013, pola novidade das accións, irán parar á creación de centros plurilingües e seccións bilingües, e a apoialas con auxiliares de conversa; liñas, por certo, todas elas contempladas nas accións do Consello de Europa.

Os investimentos máis fortes irán dirixidos á creación de centros plurilingües e á mellora da formación do profesorado e do alumnado en ámbitos lingüísticos, así como á mellora das escolas oficiais de idiomas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**AUTORIZADO UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SAMOS E A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO PARA A POSTA EN VALOR DE ESPAZOS PÚBLICOS DO CAMIÑO FRANCÉS**

- *O Consello da Xunta vén de formalizar un acordo co Concello de Samos para que poña á disposición da Consellería de Cultura e Turismo o terreo de San Xil de Carballo, necesario para a execución da obra*
- *A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento cofinanciarán as obras cun investimento de 94.343 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a formalización do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Samos (Lugo) para o financiamento das obras de posta en valor dos espazos públicos do Camiño Francés ao seu paso por este concello na zona de San Xil de Carballo.

O acordo formalizado vén actualizar a lista de tramos do Camiño Francés rehabilitados tras os sete convenios aprobados a semana pasada no Consello da Xunta entre a Consellería de Cultura e Turismo e os Concellos de Arzúa e Melide (A Coruña); e Monterroso, Palas de Rei, Pedrafita do Cebreiro, Triacastela e Paradela (Lugo). Deste xeito, finánciase un novo tramo da ruta xacobeana na localidade de Samos cun investimento de 94.343, dos cales o Ministerio de Fomento achega o 50% do custo das obras e a Consellería o 50% restante do importe das obras e o 100% do custo dos honorarios facultativos.

O obxecto dos convenios é regular as bases de colaboración para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela entre o Concello de Samos e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, dentro das liñas de actuación que, en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinalados no seu programa de obxectivos.

San Xil de Carballo

En San Xil de Carballo (Samos) investiranse 94.343 euros para o acondicionamento dun treito do Camiño de Santiago, eliminando por un lado os elementos que deturpan o seu valor paisaxístico e, polo outro, resaltando ou revalorizando outras zonas. Actuarase no cruzamento do Camiño coa vía de acceso á aldea e na ponte sobre o regato de San Xil. Crearase un espazo de descanso e instalarse un panel informativo. Na zona da Igrexa recuperarase unha antiga fonte e reconstruírse o dique que rodea a fachada norte do templo para protexelo da auga.

Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños

Con este programa de actuacións previstas nos tramos do Camiño Francés que precisen unha maior urxencia, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incide directamente e de xeito inmediato sobre a configuración dos propios camiños de peregrinación, dos lugares de reunión e de uso que se estruturan ao seu redor, e dos elementos esenciais que os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

bordean, limitan e lles dan forma. O obxectivo é que este Plan de actuacións poda ampliarse a todos os Camiños de Santiago.

Estes traballos enmárcanse no Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que pretende rehabilitar e acondicionar os espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico do seu contorno co obxectivo de mellorar as condicións para o uso dos seus habitantes e dos peregrinos destas rutas. O programa de intervencións nos espazos públicos propón a recuperación sustentable e a posta en valor dos lugares de uso comunitario (prazas, fontes ou lavadoiros) que serven de punto de encontro para a celebración de reunións, festas ou actividades comúns nos núcleos rurais. Son espazos de intercambio de cultura e coñecementos que fomentan as actividades sociais e que son sinais de identidade propios e singulares da nosa paisaxe cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO FINANCIARÁ CON MÁIS DE 230.000 EUROS O ACONDICIONAMENTO DA RUTA DA PEDRA E DA AUGA ENTRE OS CONCELLOS DE RIBADUMIA E MEIS**

- *O Consello da Xunta vén de aprobar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación de Pontevedra polo que se realizarán as obras previstas para mellorar a ruta fluvial.*
- *O obxectivo do acordo é o aproveitamento social, económico e ambiental deste recurso natural*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a formalización do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación de Pontevedra para a execución dun proxecto de mellora e acondicionamento da Ruta da Pedra e da Auga e a Ruta dos Muíños de Barrantes. Segundo o acordo formalizado, a Consellería de Cultura e Turismo achegará 231.731 euros para emprender as obras nas diferentes marxes do Rego de Armenteira, así como nos diferentes elementos arquitectónicos e patrimoniais existentes. O obxectivo é mellorar a ruta fluvial e permitir o aproveitamento social, económico e ambiental deste recurso natural.

A través da colaboración, preténdese acadar unha promoción do turismo de Galicia potenciando os elementos naturais. Para iso, acondicionarase unha das rutas de camiñada máis importantes da Comunidade, a dos Muíños de Barrantes, que está incluída dentro da Ruta da Pedra e da Auga. Este camiño percorre un quilómetro e medio e conta con seis muíños restaurados ao longo do río Armenteira. A Ruta dos Muíños de Barrantes destaca pola súa singularidade e pola presenza de numerosos elementos de riqueza patrimonial e paisaxística que non se atopan noutras rutas. O convenio autorízase, pois, co fin de promover o turismo e incentivar o coñecemento do patrimonio cultural, histórico, etnográfico e natural galego.

Esta actuación ten como obxectivo promover e incentivar as rutas de camiñada en Galicia. A Consellería de Cultura e Turismo é consciente da necesidade de traballar de forma conxunta con outras institucións en ámbitos de conservación, protección e difusión do patrimonio cultural.

Competencias turísticas

O acordo aprobado hoxe materializa as competencias da Xunta de Galicia no tocante á ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo. A través da Secretaría Xeral para o Turismo, o Goberno Autonómico ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento deste sector.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra ten, entre outras, as competencias de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e na planificación no territorio provincial; e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E CEHOSGA PARA A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E TURÍSTICA**

- *O obxectivo é o de promover o turismo galego nos mercados nacionais e internacionais, e a achega da Secretaría Xeral para o Turismo será de 241.935 euros*
- *Algunhas das actuacións principais que figuran no acordo inclúen a mellora da competitividade en Pemes de hostalaría a través do asesoramento experto individualizado, a divulgación e información na aplicación de normas xurídicas que afectan o sector, e a realización de cursos 'revenue management' e de control e xestión para empresas de restauración*

O Consello da Xunta vén de autorizar o convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia (CEHOSGA) para a realización de distintas actuacións de promoción da actividade empresarial e turística en Galicia durante o ano 2010. Esta colaboración ten por obxecto promover o turismo galego nos mercados nacionais e internacionais para atraer visitantes a Galicia.

O acordo contará cun investimento de 390.700 euros, dos cales a Secretaría Xeral para o Turismo achega 241.935 euros, o que supón o 61,92% do orzamento total.

Entre as actuacións máis destacadas figura a mellora da competitividade en pequenas empresas de hostalaría, a través do asesoramento experto individualizado e xornadas de comunicación de experiencias por asesorados no programa do 2009; a realización dun periódico CEHOSGA que se distribuirá por toda Galicia e en distintos puntos relacionados co sector en España e que incluírá novas e información de interese para o sector turístico e hoteleiro; a organización do IV Encontro da Hostalería Galega onde se premiará profesionais do sector, incluíndo unha mención especial a un persoeiro destacado pola difusión do turismo en Galicia; ou a divulgación e asesoramento na aplicación de normas xurídicas que afectan o sector.

Ademais, sobresaee a realización do curso *Revenue Management* como ferramenta imprescindible no sector hostaleiro, onde se dará conta do que é o sistema de xestión da rendibilidade e/ou da produción, consistente en predicir a demanda de clientes en tempo real, a nivel micromercado e optimizar o prezo e a dispoñibilidade de produtos.

Outras actuacións do convenio serán a comercialización para empresas turísticas para o desenvolvemento de novas tecnoloxías como forma de venda; e a realización dun curso de control e xestión para empresas de restauración que axude a mellorar a xestión deses negocios e o aproveitamento dos recursos, maximizando a rendibilidade e mantendo a mellor satisfacción dos clientes.

Por último tamén se contempla a posta en marcha de guías CEHOSGA de promoción turística que dean a coñecer o importante patrimonio galego propoñendo Santiago de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Compostela, con motivo do Ano Santo, como punto de chegada á que conducen todos os camiños xacobeos, e como punto de partida cara a outros lugares de interese de Galicia. Estas guías distribuiranse en todos os puntos de información turísticos galegos e nos establecementos asociados das diferentes Asociación e Federacións adheridas á CEHOSGA.

Coas actuacións deste convenio, trátase de aunar esforzos co obxectivo de fixar o papel preponderante que xogará Galicia nos próximos anos e a indución da renda económica derivada do turismo en todos os subsectores, sexan ou non turísticos, que interrelacionan co visitante, como os hotéis, as axencias de viaxe, as oficinas de turismo, o pequeno comercio, etc.

O convenio estará vixente ata o vindeiro día 30 de novembro de 2010 e financiará os gastos correspondentes ás actuacións desenvolvidas dende xaneiro do presente ano para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO DESTINARÁ 230.000 EUROS PARA A TRAMITACIÓN DO CONCURSO DE IDEAS DO PROXECTO DO CENTRO CULTURAL DE VERÍN**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Verín para a tramitación dun concurso de ideas para levar a cabo a realización do proxecto do novo centro cultural*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Verín para a tramitación dun concurso de ideas para levar a cabo a realización do proxecto do novo centro cultural de Verín. A Consellería de Cultura e Turismo destinará 230.000 euros ao Concello de Verín para financiar o dito concurso cun período de vixencia ata o 15 de decembro de 2011.

A Xunta de Galicia e o Concello de Verín son conscientes da necesidade da construción dunha instalación de carácter sociocultural que permita unha adecuada oferta co obxecto de satisfacer as necesidades dos cidadáns. Arestora existen serias dificultades para programar actividades culturais ao longo de períodos amplos pola ausencia dun espazo onde realizar estes actos.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través deste acordo, busca que o novo Centro cultural de Verín sexa un referente cultural na zona a través da oferta dunha ampla programación sociocultural. As actividades que se desenvolverán neste centro irán encamiñadas a divulgar e promover a cultura entre o maior número posible de veciños. As ideas presentadas para o futuro concurso serán debidamente valoradas por un xurado e, seguir, levarase a cabo a redacción do proxecto que dará lugar á construción do novo centro.

A XUNTA PORÁ EN MARCHA 1.600 ACCIÓNS FORMATIVAS SECTORIAIS E INTERSECTORIAIS DAS CALES SE BENEFICIARÁN 38.000 TRABALLADORES

- *O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a convocatoria destas axudas que para 2010 contan cun orzamento de 29 millóns de euros, 1,7 millóns máis que no exercicio anterior*
- *O obxectivo principal destas subvencións é ofrecer unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral para atender aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás aspiracións dos traballadores*

O Goberno galego destinará este ano un total de 29 millóns de euros aos plans de formación intersectoriais e sectoriais, que están dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, aínda que tamén poderán optar a eles desempregados. A Administración autonómica incrementou en 1,7 millóns de euros estas axudas con respecto ao exercicio anterior, o que permitirá poñer en marcha 1.600 accións, das cales prevé que se beneficien 38.000 alumnos.

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a convocatoria destas subvencións que cofinancian a Consellería de Traballo e Benestar e o Fondo Social Europeo, unha iniciativa que ten por obxecto ofrecer unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral para atender aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores.

Os plans especificamente intersectoriais divídense en tres programas: accións formativas dirixidas a traballadores ocupados e destinadas á aprendizaxe de competencias transversais para a reciclaxe e recualificación de traballadores doutros sectores (16, 4 millóns de euros); actuacións dirixidas a traballadores e socios da economía social, sempre que fornezan actividade económica (528.149 euros); e os plans destinados a autónomos (818.149 euros).

Pola súa banda, os plans de formación sectoriais están destinados a traballadores dun sector produtivo concreto e contan cunha partida de 11 millóns de euros.

Os beneficiarios das axudas poderán ser as organizacións empresariais e sindicais máis representativas de Galicia; as entidades creadas ao abeiro da negociación colectiva sectorial e as organizacións empresariais e sindicais que participan nela, tanto do ámbito autonómico, provincial e estatal; as confederacións e federacións de cooperativas e sociedades laborais, así como as organizacións representativas da economía social; e, por último, as asociacións de autónomos de carácter intersectorial.

Ás accións formativas, pola súa banda, poderán optar os traballadores asalariados que presten os seus servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais que cotizan á Seguridade Social en concepto de formación profesional; os fixos e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

descontínuos, nos períodos de non ocupación; os que accedan a unha situación de desemprego cando se encontren en período formativo; os traballadores acollidos á regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado; os incluídos nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola continxencia de formación profesional; e as persoas socias traballadoras e de traballo das cooperativas, sociedades laborais e empresas e entidades de economía social.

Pola súa banda, o persoal do servizo das administracións públicas só poderá participar nos plans de formación intersectoriais previstos na orde, cun límite máximo dun 10% do total de participantes de cada plan; as persoas traballadoras desempregadas cun límite máximo dun 40% do total de participantes de cada plan e, por último, os coidadores non profesionais poderán participar na formación de oferta sectorial de referencia nos ámbitos de servizos de atención a persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal, centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, acción e intervención social e sanidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MÁIS DE 200 PERSOAS ACADARON UN POSTO DE TRABALLO NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO A TRAVÉS DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL**

- *O Consello da Xunta vén hoxe de autorizar a sinatura do convenio de colaboración por un importe de 2,7 millóns de euros entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento desta iniciativa*
- *O Plan, ademais de intermediación laboral, inclúe accións formativas nas cales tomaron parte 640 persoas nos seis primeiros meses do ano*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano 2,7 millóns de euros ao desenvolvemento do II Plan Galego de Inclusión Social que está cofinanciado polo Fondo Social Europeo. O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre o departamento autonómico e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a execución desta iniciativa, que acadou no primeiro semestre do ano a inserción laboral de 231 persoas. Desde a posta en marcha deste plan, no ano 2007, a cifra de persoas que lograron un posto de traballo superou o millar.

Unha das accións principais do plan é a intermediación laboral facilitando a inserción das persoas participantes a través da sensibilización do empresariado e da negociación de actividades formativas que faciliten a experiencia en sectores produtivos. No primeiro semestre do ano xestionáronse 1.212 ofertas de traballo e 1.263 derivacións de persoas a ditas ofertas das cales finalmente acadaron un traballo 231 (139 mulleres e 92 homes).

Ademais da intermediación laboral, o II Plan Galego de Inclusión Social inclúe accións de formación en diferentes ámbitos, nas cales tomaron parte ata xuño deste ano preto de 640 persoas.

Así, nos cursos de competencias persoais participaron nos seis primeiros meses do ano 92 persoas en 7 accións; nas clases de técnicas de busca activa de emprego tomaron parte 74 persoas e impartíronse 6 cursos; en alfabetización de persoas adultas e graduado en ESO asistiron 210 cidadás; e, por último, os cursos desenvolvidos sobre formación ocupacional entre xaneiro e xuño de 2010 sumaron preto dunha vintena e neles participaron 261 alumnos.

Os cursos programados para o segundo semestre sumarán 50 e as prazas que se ofertarán serán dun total de 735.

Pola súa banda, a formación para o emprego relativa á obtención do permiso de conducir B comezou no pasado mes de xuño e finalizará en novembro deste ano. A actividade organizouse en 35 concellos e ata a data o número de participantes que obtiveron o permiso conducir tipo B foron 94.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Coa finalidade de facilitar o acceso á formación e ao traballo das persoas que forman parte do Plan, a Xunta subvenciona o gasto derivado do coidado das persoas dependentes e do transporte á hora de trasladarse ás localidades onde se programan as diferentes actividades. Así, o número de axudas xestionadas entre xaneiro e xuño, nas dúas modalidades, foi de preto de 590.

É preciso lembrar que os destinatarios finais do plan son as persoas en situación ou risco de exclusión social e con especiais dificultades para acceder ao mercado laboral. Cos beneficiarios desta iniciativa traballan un total de 19 equipos de inclusión do Consorcio que desenvolven o seu laboral desde a rede galega de oficinas de igualdade e benestar e no centro penitenciario de Teixeiro (A Coruña).

Durante a vixencia deste plan, desde o ano 2007, o II Plan Galego de Inclusión Social atendeu a 6.523 persoas (3.797 mulleres e 2.726 homes).

O CONSELLO APROBOU VARIAS MEDIDAS PARA FLEXIBILIZAR OS PAGOS DAS AXUDAS PARA O DESPREGAMENTO DA BANDA LARGA

- *Autorízase que o importe conxunto dos pagamentos á conta que se tramiten ao abeiro das convocatorias de subvencións poida acadar o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados*
- *Permítese tamén aos beneficiarios destas axudas quedar eximidos da obriga de constituíren garantías nos pagamentos á conta que poidan recibir*
- *A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) investirá este ano 5,7 millóns de euros na extensión de novas infraestruturas de telecomunicacións*
- *Estenderanse redes sen fíos en 22 concellos do sur de Lugo, 5 da Ribeira Sacra ourensá e 1 de Pontevedra, nos cales se incrementará a cobertura do 37% a máis do 60% no 2010*

O Consello aprobou hoxe varias medidas encamiñadas a axilizar o pagamento das subvencións relacionadas co despregamento de infraestruturas de banda larga na nosa Comunidade, no marco do Plan Director de Banda Larga 2010-2013 aprobado pola Xunta en febreiro pasado.

Neste sentido, e atendendo á actual conxuntura de crise económica, o Goberno Galego autorizou diferentes actuacións que permitirán flexibilizar os pagamentos correspondentes ás convocatorias de subvencións que corresponde tramitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) no marco deste Plan Director e do convenio asinado coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica co mesmo fin.

Garantías

Así, autorízase que o importe conxunto dos pagamentos a conta que se tramiten ao abeiro de ditas convocatorias poida acadar o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, así como que os beneficiarios destas axudas queden eximidos da obriga de constituíren garantías nos pagamentos á conta que poidan recibir. Ademais, o Consello autoriza que a concesión da subvención que se tramite no marco da convocatoria para o despregamento de redes troncais de alta capacidade se adxudique por un importe superior a 3 millóns de euros.

Un total de 28 concellos do sur da provincia de Lugo e a súa contorna, a través de rede sen fíos, e 49 núcleos de poboación do ámbito rural de toda Galicia, por medio de redes fixas, terán acceso á Internet de calidade a finais de 2010 grazas ao investimento que realizará a Xunta nunha primeira fase de despregamento deste Plan. Estas actuacións serán posibles grazas ao convenio asinado en maio pasado no concello lugués de Bóveda pola secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, e o conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, para que Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) invista un total de 5,7 millóns de euros este ano na extensión de novas infraestruturas de telecomunicacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Redes sen fíos**

Este convenio, que se enmarca nas actuacións do Plan de Banda Larga 2010-2013, contempla dúas actuacións. Por unha banda, despregaranse redes sen fíos en 22 concellos do sur de Lugo, 5 na Ribeira Sacra Ourenzá e 1 en Pontevedra que permitirán que máis de 25.000 habitantes deste municipios pasen do 37% da cobertura actual ao 60% a finais do 2010. No remate do 2013 esta porcentaxe verase incrementada ata máis do 86%, completándose a cobertura mediante servizos de acceso vía satélite á banda larga. Na provincia de Ourense a previsión para o 2013 é que o 95% da poboación dispoña de acceso á Internet.

A outra acción relativa ao acordo adoptado hoxe polo Consello da Xunta prevé a implantación de redes fixas en 49 núcleos do territorio rural de toda a Comunidade, nos cales polo de hoxe o 80% da poboación (arredor de 21.300 persoas) non ten cobertura de banda larga.

Reverter a situación actual

O obxectivo do Plan Director de Banda Larga é reverter a desigualdade social que vive a Comunidade en materia de acceso aos servizos de telecomunicacións, e contribuír ao aproveitamento das TIC como motor para a dinamización e a competitividade empresarial, así como a modernización dos servizos públicos.

Será un despregamento de infraestruturas baseado na eficiencia e na cooperación de todos os axentes implicados, o que permitirá que a dotación orzamentaria de 102 millóns de euros da Xunta de Galicia poida superar os 230 millóns mobilizando capital privado e doutras administracións.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINARÁ 200.000 EUROS EN AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS OCACIONADOS POR "DORIS" NA MARIÑA LUGUESA

- *O Consello da Xunta deu o seu visto bo ao informe remitido pola Consellería de Economía e Industria sobre a orde que proximamente regulará a concesión das axudas*
- *A axuda destinarase a reparar os danos e perdas que como consecuencia das inundacións provocadas polo temporal Doris durante os días 9 e 10 de xuño se ocasionaron en establecementos comerciais e mercantís incluídos no ámbito competencial da Consellería de Economía e Industria e en infraestruturas enerxéticas de titularidade municipal*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto bo ao informe remitido pola Consellería de Economía e Industria sobre a orde que proximamente regulará a concesión de axudas para danos nos establecementos comerciais e infraestruturas enerxéticas de titularidade municipal provocadas polo temporal Doris na Mariña luguesa e concellos limítrofes.

O informe reflicte que se destinarán 200.000 euros, que poden ser ampliables, para reparar os danos e perdas que, como consecuencia das inundacións provocadas polo temporal Doris durante os días 9 e 10 de xuño, se ocasionaron en establecementos comerciais e mercantís incluídos no ámbito competencial da Consellería de Economía e Industria e en infraestruturas enerxéticas de titularidade municipal.

A Consellería de Economía e Industria poderá conceder unha subvención polo importe de ata o custo da reparación ou reposición dos danos ocasionados nas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos á actividade comercial, industrial ou mercantil, en función das dispoñibilidades orzamentarias e do número de solicitudes.

O documento de que hoxe tivo coñecemento o Consello da Xunta salienta que o procedemento que se articula na orde dá unha resposta inmediata á situación xerada polo temporal no ámbito do sector do comercio retalista e demais sectores mercantís, establecendo medidas urxentes para paliar as repercusións máis inmediatas producidas nos establecementos comerciais, e demais establecementos mercantís no ámbito territorial da Mariña Luguesa e concellos limítrofes.

En definitiva, trátase de atender ás necesidades dos colectivos afectados para contribuír, de xeito decidido e con todas as garantías procedementais, a rexenerar e a reactivar a actividade comercial e demais actividades mercantís nas zonas afectadas polo temporal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O informe explica que esta orde deriva *do* Decreto 96/2010, do 17 de xuño, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións que se produciron os días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña luguesa e nos concellos limítrofes. No devandito decreto establécese que serán obxecto de axuda, dun lado, os danos provocados nos establecementos comerciais ou mercantís incluídos no ámbito competencial da Consellería de Economía e Industria que sexan consecuencia dos estragos ocasionados polas inundacións provocadas polo temporal "Doris" nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades e, doutro, os danos ocasionados en infraestruturas enerxéticas de titularidade municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MÁIS DO 40% DAS VACANTES QUE SE CUBREN COA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO SERGAS SON EN HOSPITAIS COMARCAIS**

- *Os aspirantes definitivamente seleccionados no proceso selectivo de persoal licenciado sanitario convocado por distintas resolucións do Sergas realizaron a elección do seu destino*
- *Celebrouse a adxudicación de destino dun total de 334 prazas de persoal facultativo, das cales 149 pertencen aos hospitais comarcais*

O día 26 de xuño os aspirantes definitivamente seleccionados no proceso selectivo de persoal licenciado sanitario convocado por distintas resolucións do Servizo Galego de Saúde realizaron a elección do seu destino, culminando, deste xeito, o proceso relativo á Oferta Pública de Emprego deste organismo no ano 2008, respecto de 40 categorías/especialidades médicas.

Realizouse a adxudicación de destino dun total de 334 prazas de persoal facultativo, das cales 149 pertencen aos hospitais comarcais. Dende o departamento que dirixe Pilar Farjas realizouse unha clara aposta por mellorar a dotación destes centros, pois que o 45% das prazas adxudicadas neste proceso selectivo están destinadas para os hospitais comarcais da rede do Sergas, coa finalidade de acadar unha perfecta cobertura asistencial para toda a poboación.

Así mesmo, de xeito simultáneo, desenvolveuse o proceso de mobilidade voluntaria para os profesionais destas categorías/especialidades, no cal participaron un total de 286 profesionais, dos cales 18 proceden de fóra de Galicia.

O acto de elección das categorías correspondentes ao ámbito de atención primaria (médicos de familia, pediatras e farmacéuticos), así como a de psiquiatras, adiouse, ao estar pendente a finalización do proceso relativo á OPE 2006.

Toma de posesión en setembro

A toma de posesión dos aspirantes seleccionados o día 26 realizarase no mes de setembro para non coincidir co período estival, co obxectivo de conxugar unha adecuada programación da actividade asistencial dos centros sanitarios co respecto ao dereito dos profesionais ao descanso vacacional que, por razóns de conciliación da vida familiar e laboral, ten lugar habitualmente nos meses de xullo e agosto.

Non obstante, coa realización do acto de elección de destino e coa publicación dos listados definitivos do concurso de traslados, facilítase que os 548 profesionais afectados (334 procedentes do proceso selectivo e 214 que acadaron destino no concurso de traslados) teñan coñecemento concreto do destino adxudicado previamente ao disfrute dos períodos vacacionais, e que os diferentes centros sanitarios poidan afrontar as incorporacións de novos profesionais con total garantía para o sistema.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Ope de Psiquiatría**

A teor da decisión xudicial referida ao proceso selectivo convocado por resolución de 11 de decembro de 2006 de facultativo especialista de psiquiatría, debe retomarse o proceso selectivo desta especialidade, sen menoscabar os dereitos dos aspirantes definitivamente seleccionados no proceso actual (OPE 2008).

Ante esta situación, a Administración sanitaria, co ánimo do absoluto respecto aos dereitos dos participantes en ambos os procesos e coa finalidade de poder incorporar algún aspirante á lista dos definitivamente seleccionados na OPE 2008, no caso de existiren renuncias entre os seleccionados actualmente (por resultaren definitivamente seleccionados na OPE 2006), realizou unha proposta ás organizacións sindicais representadas na Mesa Sectorial de Negociación, no senso de acadar unha resolución independente e simultánea dos dous procesos selectivos (OPE 2006 e OPE 2008 da especialidade de Psiquiatría). Esta proposta foi aprobada pola Mesa Sectorial na reunión do pasado día 2 de xuño de 2010.

É necesario rematar o proceso derivado da OPE 2006 antes de realizar a elección de destino da OPE 2008, dada a moi probable implicación de persoal que acadará praza nos dous procesos. A intención da Administración sanitaria é realizar o acto de elección de destino de ambas as ofertas públicas de emprego o mesmo día (en todo caso, non antes do mes de setembro). Así, os aspirantes que superaron ambos os procesos poderán elixir, en primeiro lugar, entre as prazas correspondentes ao ano 2006 e, a seguir, e se o estiman oportuno, entre as prazas correspondentes ao 2008.

Mediante a coordinación de ambos os procesos a Dirección de Recursos Humanos do Sergas pretende que non exista perda de prazas desta especialidade, ao poder adxudicalas ao seguinte aspirante da correspondente lista que inicialmente non resultou seleccionado (ano 2006 ou ano 2008, segundo a praza a que se renuncie), sempre que os aspirantes que superaron ambos os procesos renuncien a algunha delas.

Por todo o anterior, e unha vez que o tribunal de selección proceda a revisar as reclamacións presentadas sobre as preguntas do exercicio (momento en que se paralizou o proceso), publicarase a listaxe provisional de puntuacións. Cando a listaxe sexa a definitiva abrirase o prazo para que os aspirantes seleccionados presenten a documentación da fase de concurso. Todos estas fases realizaranse do xeito máis áxil posible para evitar prexuízos a todos os implicados.

Dado que estas actuacións coinciden co período estival, e co fin de que ningún aspirante resulte prexudicado por atoparse de vacacións, o prazo de presentación de documentación estenderase durante os meses de xullo e agosto. Tras este período, o tribunal procederá a realizar a baremación dos méritos, para que a toma de posesión desta especialidade poida realizarse o antes posible.

O PROGRAMA DE VACINACIÓN INFANTIL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE ACADOU UNHA COBERTURA MEDIA SUPERIOR AO 95% NOS NENOS GALEGOS

- *O 80% da poboación fai unha valoración boa ou moi boa sobre Programa Galego de Vacinación da Xunta*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou hoxe no Consello da Xunta un informe sobre os resultados da 6ª Enquisa de Cobertura Vacinal en Galicia. Segundo explicou, estes reflicten un alto grao da cobertura vacinal en Galicia entre todos os grupos avaliados -máis do 95% na maioría dos casos en todos os tramos de idade dos nenos galegos- sen que se atopen diferenzas entre os estratos rural e urbano.

O informe fai referencia tamén á Enquisa de Satisfacción dos usuarios co Programa Galego de Vacinacións, que recolle que o 89,6% da poboación considera que, dende o punto de vista da saúde dos rapaces e rapazas, as vacinas son beneficiosas. Ademais, ao redor do 80% fai unha valoración boa ou moi boa sobre Programa Galego de Vacinación.

A enquisa realizouse entre os meses de novembro e decembro de 2009, cun tamaño mostral de arredor de 3.600 persoas centrado no sector de Atención Primaria e nun ámbito xeográfico urbano (29 concellos) e rural (44 concellos) de toda Galicia.

Como novidade nesta 6ª enquisa con respecto ás realizadas nos dez anos anteriores, incluíuse nenos nados no ano 1992, é dicir, maiores de 14 anos, o que permite valorar a poboación que xa completou o calendario vacinal infantil.

Os outros dous grupos da mostraxe foron os nenos nados en 2004 e 2005 –cobertura vacinal ata 3 anos-, e os nados en 2000, nos cales se valora a cobertura vacinal ata os 6 anos. O método para realizar a enquisa foi a entrevista no domicilio e presencial, coa revisión da cartilla de vacinación para recoller información sobre os antecedentes de vacinación.

As coberturas documentadas distribuíronse por grupos de idade en dous bloques, un para a vacinación axustada a calendario (que fai referencia a se os rapaces e rapazas enquisados teñen todas as vacinas recomendadas ata a súa idade no calendario de vacinación infantil) e outro a primovacinação (que fai referencia ás doses de vacina necesarias para que nos vacinados se acade unha taxa suficiente para garantir a súa protección inicial, sen as doses de recordo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
 Consello da Xunta

	3 anos		6 anos		14 anos	
	Primovacinação	Axustada a calendario	Primovacinação	Axustada a calendario	Primovac.	Axustada a calendario
Hepatitis	96,82	96,82	97,95	97,95	93,28	93,28
Polio	97,63	93,85	98,75	98,57	98,28	94,60
DTP	97,63	93,77	98,65	96,20	97,79	93,36
T. vfrica	99,02	96,38	98,63	97,32	97,81	95,92
Hib	97,63	93,85	97,58	96,80		
Tétanos/difteria					82,93	82,93
Meningo C	96,15	96,15	92,33	92,33	95,42	95,42

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O NÚMERO DE VIAXEIROS ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO REGRADO DE GALICIA INCREMENTOUSE NO MES DE MAIO NUN 20,4% EN RELACIÓN AO MESMO PERÍODO DO ANO PASADO**

- *Trátase da cifra máis elevada da década, e presenta un incremento do 14,9% en relación ao mesmo mes do anterior Xacobeo 2004*
- *Esta dinámica positiva reflíctese nas pernoitas, cun aumento do 13,2% respecto a maio de 2009 e do 12,6% respecto a maio de 2004*
- *Os prezos hoteleiros experimentaron unha suba do 2,3%, circunstancia que se contrapón á situación observada no conxunto do Estado, onde os prezos caeron unha media do 2,6%*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe relativo á ocupación dos establecementos de aloxamento regrado no pasado mes de maio. O número total de viaxeiros aloxados neste tipo de establecementos supón un incremento do 20,4% en relación ao mesmo período do ano pasado. En relación ao mesmo mes de 2004, anterior ano Xacobeo, tamén se produciu un incremento importante do volume de viaxeiros, neste caso do 14,9%, segundo datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística (INE). Esta dinámica positiva tamén se viu reflectida no caso das pernoitas, cun incremento do 13,2% respecto a maio de 2009 e do 12,6% respecto a maio de 2004.

O número total de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros de Galicia significa case o 94% do total da oferta regrada, unha cantidade que tamén representa o valor máis alto da década. Esta cifra supón un incremento do 20,4% en relación ao mesmo período do ano pasado e dun 13,4% en relación ao mesmo mes de 2004.

Esta dinámica positiva supera en Galicia o observado no conxunto do Estado, onde por termo medio a cifra de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros se incrementou só nun 5,8%. A taxa media de crecemento de Galicia é a máis elevada do conxunto de comunidades autónomas do Estado, superando neste caso a Madrid, Cataluña ou Canarias, que tamén experimentaron crecementos notorios no mes de maio.

Prezos hoteleiros e rendibilidade empresarial

Por outra parte, os prezos hoteleiros experimentaron un incremento do 2,3% en maio, circunstancia que se contrapón ao observado no conxunto do Estado onde os prezos caeron de media un 2,6%. De feito, o descenso dos prezos a nivel nacional é un aspecto que acontece en practicamente todas as comunidades autónomas, agás en Madrid, cunha suba do 0,5% e en Galicia.

Galicia tamén rexistra o segundo crecemento máis importante na facturación por habitación ocupada, cun incremento do 4,2%, e tamén no ingreso por habitación dispoñible, cun 15,7%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Acumulado xaneiro-maio**

Nos cinco primeiros meses do ano rexistráronse cifras que supoñen un incremento importante, tanto en relación ao pasado ano, do 10,8%, como en relación ao último Xacobeo 2004, do 6,9%.

O bo comportamento da cifra de viaxeiros é unha característica común a case todas as tipoloxías de aloxamento, pois practicamente en todas elas se rexistran mellores valores que o pasado ano. Soamente os apartamentos turísticos amosan unha dinámica negativa, cun descenso leve do 1,3% en relación aos primeiros cinco meses de 2009.

No caso das pernoitas, a cifra deste semestre tamén é moi positiva. O incremento con respecto ao mesmo período do ano pasado é do 7,2%, mentres que en relación ao arco temporal xaneiro-maio do pasado Xacobeo 2004 a suba se sitúa nun 8,2%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO CONVOCARÁ AXUDAS DESTINADAS Á REPARACIÓN DOS DANOS OCASIONADOS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS POLAS INUNDACIÓNS NA MARIÑA LUGUESA**

- *O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre a convocatoria destas axudas como medida urxente para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas os días 9 e 10 de xuño do 2010 na Mariña lucense e nos concellos limítrofes*
- *A Consellería de Cultura e Turismo acordou que o importe da convocatoria fose de 200.000 euros. Dito importe ten carácter ampliable*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe o Consello da Xunta sobre a convocatoria de axudas destinadas á reparación dos danos ocasionados en establecementos turísticos polas inundacións acaecidas os días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña lucense e nos concellos limítrofes. A Consellería de Cultura e Turismo está a tramitar unha orde de axudas por danos en establecementos turísticos como medida de urxencia.

Os destinatarios das axudas serán os titulares dos establecementos turísticos situados nos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo e Xove (Lugo); e Cariño e Ortigueira (A Coruña). Ás axudas poderán acollerse os afectados polos danos causados sobre edificacións, maquinaria, vehículos comerciais ou industriais que estean afectos aos establecementos turísticos, así como as mercadorías depositadas neles.

Nunha primeira estimación dos danos ocasionados nos establecementos turísticos, a Consellería de Cultura e Turismo acordou que o importe da convocatoria fose de 200.000 euros. O importe ten carácter ampliable, debido a que a contía dos gastos e o número de posibles beneficiarios non se pode concretar de antemán con exactitude.

MAR TERÁ EN CONTA AS CONCLUSIÓNS DO “ENCONTRO PROFESIONAL PESQUEIRO 2010” NA ELABORACIÓN DO FUTURO DECRETO DE COMERCIALIZACIÓN

- *A Consellería convocou por primeira vez a todos os axentes implicados na cadea de comercialización de produtos pesqueiros co obxectivo de analizar os retos de competitividade do sector*
- *O sector identificou a necesidade de deseñar unha estratexia que axude a fixar uns prezos equilibrados en toda a parte da cadea comercializadora*

A Consellería do Mar terá en conta as conclusións do “*Encontro Profesional Pesqueiro 2010: retos na comercialización dos produtos pesqueiros*” celebrado a mediados de maio de 2010 en Santiago para a posta en marcha do decreto de comercialización en que traballa e que está previsto que se aprobe neste ano 2010. O texto, que presenta novidades como a incorporación de innovacións tecnolóxicas que permitirán a simplificación dos procesos de control e mais a xestión do coñecemento sobre a actividade do sector, atópase nunha fase avanzada. No decreto recolleranse algúns dos aspectos debatidos no encontro no que os representantes do sector trataron os temas que máis lles afectan e preocupan.

A Consellería do Mar organizou este evento no que reuniu por primeira vez a todos os axentes implicados na cadea de comercialización dos produtos pesqueiros que coincidiron en que se atopan nun contexto complicado de globalización en que é importante sumar sinerxias para poder competir. Durante dous días, acordáronse estratexias comúns fronte á nova realidade de comercialización pesqueira e asumíuse a necesidade de diferenciar o peixe e o marisco galego doutros produtos competidores.

Así, nestas xornadas e ante 140 participantes, abordáronse aspectos como novas modalidades de presentación do produto na distribución, as demandas e criterios de compra do consumidor de produtos do mar e a necesidade de novas plataformas de comercialización. Cada un dos asuntos foi debatido en grupos compostos por expertos nas materias a tratar e por representantes das asociacións vinculadas á comercialización de produtos pesqueiros interesados en achegar as súas propostas e divididos en pesca de altura, pesca de baixura e marisqueo. Antes da celebración das xornadas, os participantes tiveron a ocasión de comezar a debater na internet, a través dunha páxina web en que, tras o encontro celebrado en maio, puideron trasladar as súas dúbidas e propostas a través da rede: <http://www.encontroprofesionalpesqueiro.com>

Durante o encontro, o sector acordou a necesidade de mellorar a distribución tanto cuantitativamente como desde o punto de vista competitivo. Respecto da estratexia de alianzas entre produtores e comercializadores, o sector identificou que o obxectivo a alcanzar é permitir o establecemento dun prezo mínimo por parte dos produtores que contribúa a conseguir un equilibrio entre todos os axentes da cadea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A mellora da comercialización e da transformación é unha das liñas prioritarias da Consellería do Mar. De feito, o departamento que dirixe Rosa Quintana destina para isto a contía máis ampla dos seus orzamentos, máis de 42,4 millóns de euros.